

# ESTATUTOS ASOCIACIÓN CINE CLUB “PONTEVEDRA”

## Constitución e nome

**ARTIGO 1.-** Constitúese unha Asociación cultural cuxa denominación será a de Cine club “Pontevedra”. Configúrase como unha asociación destinada á protección das persoas con discapacidade intelectual, sen ánimo de lucro, constituída por tempo indefinido e con plena capacidade xurídica e para obrar.

A Asociación rexerese polos presentes estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e polo resto de lexislación existente en materia de asociación que lle sexa aplicábel.

Este cine club poderá establecer relacións con outros cineclubes e federacións, tanto a nivel do Estado como doutros.

Este cine club inscríbese así mesmo na Rede de Economía Solidaria (REAS GALICIA) na súa vertente sociocultural e audiovisual.

Procédese a modificar os estatutos da Asociación denominada “Asociación Cine Club Pontevedra” con nº de inscrición no Rexistro provincial, de asociacións sen ánimo de lucro 1965/13-1 e CIF G3601625.

## Fins e actividades

**ARTIGO 2.-** A Asociación ten como finalidade principal o fomento da arte cinematográfica e audiovisual polos medios de divulgación e extensión que crea oportunos e, especialmente, mediante a presentación, proxección e estudo en coloquio de películas de carácter cultural e artísticos, sen ánimo de lucro nin interese comercial.

As actividades dirixidas á mocidade e á infancia realizaranse por medio de cinefóruns específicos.

## Domicilio

**ARTIGO 3.-** O domicilio social da Asociación está en Pontevedra, na rúa Luis Braille núm. 40, Centro Civico Sur, 36003-Pontevedra, domicilio que poderá variar a Xunta Xeral dentro do termo municipal de Pontevedra.

## Ámbito de acción

**ARTIGO 4.-** O ámbito territorial en que se exercerán principalmente as actividades culturais da asociación é o da provincia de Pontevedra.

## Réxime de funcionamento da Asociación

**ARTIGO 5.-** Son órganos colectivos da Asociación a Asemblea Xeral como órgano supremo, deliberante e decisorio, e a Xunta Directiva como órgano de administración e xestión desta.

## **I.- Asemblea Xeral**

**ARTIGO 6.-** A Asemblea Xeral de Socios é a suprema autoridade do Cineclub e resolve os asuntos referentes á organización, réxime e intereses deste.

**ARTIGO 7.-** Forman parte da Asemblea Xeral todos os socios, que terán voz e voto, presididos todos eles polo presidente/a, vicepresidente/a, ou quen decida a Asemblea Xeral na súa ausencia.

**ARTIGO 8.-** As Asembleas Xerais adoptará os seus acordos por maioría dos concorrentes e representados, limitado o seu número de votos delegados a 2 por socio.

As votacións serán públicas, salvo cando a Asemblea Xeral, o 10% dos asistentes e representados ou as disposicións legais esixan que deben ser segredo.

**ARTIGO 9.-** As Asembleas Xerais poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

As Asembleas Xerais ordinarias celebraranse con carácter ordinario unha vez ao ano como mínimo e preséntanse as contas anuais do exercicio anterior, o informe de actividade e o orzamento do exercicio en curso e incluíranse mocións de censura e propostas.

As extraordinarias son as que con este carácter convoque a Xunta Directiva, as que se produzan a petición escrita dun 10% do socios e representados ou as que esixan disposicións especiais, todas elas para resolver asuntos determinados.

**ARTIGO 10.-** As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, deberán ser feitas no seu momento pola Xunta Directiva, con antelación mínima de 15 días á data fixada.

A convocatoria será por medio de carta personalizada ao asociado ou por publicación no periódico local de maior tiraxe ou por convocatoria telemática, mantendo a postal para quen non dispoña deste medio e deberá indicar como mínimo o carácter ordinario ou extraordinario, a data, a hora, a orde do día e a data e hora da reunión en segunda convocatoria se non se alcanzase o quórum suficiente na primeira

Entre a primeira e a segunda haberá de mediar polo menos media hora, e se no anuncio da primeira non se prevé data da segunda, ao anunciarse esta deberá facerse cunha antelación non inferior a 8 días.

A asemblea poderá celebrarse nun lugar distinto ao local social.

**ARTIGO 11.-** As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas: en primeira convocatoria, cando concorran nela presentes ou representados a maioría dos socios (metade máis un) de número e fundadores; e en segunda, calquera que sexa o número de socios numerarios e fundadores concorrentes.

## **II.- Órganos directivos**

**ARTIGO 12.-** Por delegación da Asemblea Xeral de Socios, a organización, dirección e administración da Asociación estará a cargo da Xunta Directiva.

**ARTIGO 13.-** A Xunta Directiva da Asociación estará formada por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un depositario-contador, catro vogais e, cando o número de asociados

supere a cifra de 200, por un vogal máis, por cada 50 socios ou fracción, sen que poida pasar de seis o número de vogais.

**ARTIGO 14.-** A Xunta Directiva será escollida pola Asemblea Xeral de Socios, convocada para os efectos en sesión ordinaria dentro de cada período en que a Xunta Directiva deba ser renovada.

**ARTIGO 15.-** Todos os membros da Xunta Directiva renovaranse cada dous anos podendo ser reelixidos.

**ARTIGO 16.-** A Xunta Directiva así escollida será operativa a partir do seu nomeamento, unha vez que a Xunta anterior liquide as contas da súa xestión e presentando á entrante o oportuno balance-inventario de situación.

**ARTIGO 17.-** Os cargos da Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados os gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione.

**ARTIGO 18.-** Todos os cargos enumerados e descritos no presente regulamento como compoñentes da Xunta Directiva son responsábeis ante a Asemblea Xeral que os escolleu, e calquera socio poderá presentar unha moción de censura ante as Asembleas Xerais ordinarias contra calquera das persoas que ocupan estes cargos. Esta moción debe ser formulada oralmente ou por escrito, indicando o seu carácter xeral, ou concretando algún punto, e farase unha exposición dos motivos. Consumirase a continuación unha quenda preceptiva de defensa e senllos potestativos de réplica e dúplica, e pasarase seguidamente á votación. En caso de que sexa aceptada por maioría simple, terá efecto inmediato a moción de censura, o que implicaría se así se acordase, a separación do cargo.

**ARTIGO 19.-** A Xunta Directiva entenderase validamente celebrada se asistisen a ela polo menos a metade dos seus membros e os seus acordos tomaranse por maioría absoluta dos seus asistentes sen se admitir representación. Nela terá o Presidente voto de calidade.

Cando algún dos membros da Xunta Directiva non cumpra satisfactoriamente coas súas obrigas como tal, poderá ser cesado provisionalmente por maioría absoluta dos compoñentes logo de apercibimento, e cubrirase a vacante ata a próxima Asemblea Xeral ordinaria, que deberá ratificar, anular ou modificar esta decisión.

**ARTIGO 20.-** As vacantes que se produzan na Xunta Directiva serán provistas por esta con carácter provisional. A dita provisionalidade cesará se o nomeamento é referendado pola inmediata Asemblea Xeral ordinaria.

**ARTIGO 21.-** No caso de que dimita a metade máis un dos membros da Xunta Directiva, entenderase que queda convocada a Asemblea Xeral extraordinaria nun prazo non superior a 30 días para que sexa renovada.

### **III.- Administración**

**ARTIGO 22.-** As atribucións da Xunta Directiva son:

- a) Convocar as Asembleas Xerais ordinarias e extraordinarias.
- b) Celebrar, en nome da Asociación, toda clase de contratos e xestionar o cumprimento dos seus fins.

Os gastos extraordinarios non poderán exceder dun 15% do orzamento xeral ordinario.

- c) Acordar os pagamentos e ingresos da Asociación.

- d) Propor á Asemblea Xeral a fixación de cotas.
- e) Organizar as sesións e confección os programas das súas actividades.
- f) Propor o nomeamento e a separación dos empregados da Asociación.
- g) Propor as altas, apercibimentos e separación dos socios, así como a súa readmisión, segundo as condicións establecidas nos artigos que a estes se refiren.
- h) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- i) Redactar e presentar á Asemblea Xeral, e a cantos organismos federativos e oficiais fose preceptivo facelo, anualmente unha memoria sobre o estado económico da Asociación, así como a previsión dos orzamentos e actividades a exercer no próximo curso.
- j) Todas as demais que deriven destes Estatutos e que se refiran ao cumprimento dos seus fins sociais.

**ARTIGO 23.-** As atribucións do presidente son as seguintes:

- a) Presidir as Xuntas e as Asembleas e dirixir as sesións.
- b) Convocar as Xuntas da Directiva, asistido polo secretario, polo menos con 48 horas de antelación antes da súa celebración.
- c) Ostentar a representación da Asociación, asistido ou non do Secretario e de toda ou parte da Xunta Directiva cando procedese.
- d) Ordenar, coa intervención do depositario-contador, os pagamentos e ingresos acordados no seo da Xunta Directiva.
- e) Asinar actas e certificacións dos documentos da Asociación, en unión do secretario.

**ARTIGO 24.-** As atribucións do vicepresidente serán as mesmas cás do presidente durante as súas ausencias ou enfermidades, ou aquelas que este ou a Xunta Directiva deleguen nel expresamente.

**ARTIGO 25.-** O secretario terá as seguintes facultades e deberes:

- a) Responsabilizarse da correspondencia e despachala, agás cando se trate de casos que deben decidirse na Xunta Directiva, onde deberán ir acompañados do oportuno informe.
- b) Exercer unha constante inspección sobre os servizos, material, e instalacións da Asociación, dando conta ao presidente e á Xunta Directiva das anomalías que observe, sen prexuízo de as remediar de inmediato se procedese a urxencia.
- c) Redactar actas, oficios, convocatorias, memorias e demais documentos da Asociación, así como asistir e dar fe das decisións.
- d) Formar o inventario dos bens da Asociación e custodiar o seu arquivo.
- e) Levar os libros regulamentarios de actas nos que se anoten os acordos das sesións da Xunta Directiva e das Asembleas Xerais respectivamente.
- f) Supervisar o obrigatorio libro de rexistro de socios e o seu correspondente ficheiro, en constante relación a este respecto co depositario-contador.
- g) Todas as demais atribucións e obrigas que se deriven destes Estatutos.

**ARTIGO 26.-** Os deberes e obrigas do depositario-contador serán os seguintes:

- a) Recibir e custodiar os fondos da Asociación, organizando os servizos de recadación de cotas e fondos sociais, en estreito contacto coa secretaría, as altas e baixas de asociados. Deberá poñer en coñecemento da Xunta Directiva as baixas e descubertos que observe segundo os fins establecidos nestes estatutos.

- b) Efectuar todos os pagamentos, logo de acordo da Xunta Directiva. Terán uso de sinatura para dispor de contas, o presidente, ou quen faga as súas veces, e o depositario-contador.
- c) Levar os libros de contabilidade de ingresos e gastos e archivar os seus xustificantes.
- d) Confeccionar o estado económico anual, así como a previsión orzamentaria do ano seguinte, en colaboración co Xunta Directiva.

**ARTIGO 27.-** Os vogais, ademais de substituír, pola quenda que se acorde ao secretario e demais membros da Xunta Directiva, executarán as comisións relacionadas con distintos servizos e fins da Asociación que en Xunta Directiva decidan, debendo encargarse individualmente das seccións de programación, biblioteca, intercambios, recepción e devolucións de películas, ficheiros ou outras que puidesen existir.

## **Dos socios**

### **I.- As súas clases e características**

**ARTIGO 28.-** Pode ser socia calquera persoa que o solicite, coa aceptación dos deberes que rexen estes estatutos.

O Cineclube contará con socios mozos e infantís menores de idade que pagarán a metade da cota. A este socios dedicaráselles actividades específicas de Cinefórum

**ARTIGO 29.-** Os socios serán fundadores, numerarios e temporais.

**ARTIGO 30.-** Son socios fundadores todos os que solicitaron o seu ingreso na Asociación antes do 30 de abril de 1954.

**ARTIGO 31.-** Os socios que causen alta con posterioridade á data á que se refire o artigo anterior, satisfarán en concepto de cota de entrada a cantidade que, de xeito prudente, se fixe pola Asemblea Xeral, dunha soa vez e ao formalizarse a súa admisión, sen prexuízo da cota mensual que todos os socios están obrigados a satisfacer e das extraordinarias que se acorden.

**ARTIGO 32.-** Poderán ser socios numerarios os que así o soliciten e sexan admitidos provisionalmente pola Xunta Directiva ata a súa aprobación definitiva en Asemblea Xeral.

**ARTIGO 33.-** Os socios de honra nomeados con anterioridade á redacción destes Estatutos, continuarán con igual condición e iguais prerrogativas.

**ARTIGO 34.-** No suposto de algún asociado causar baixa poderá volver esixírselle a cota de entrada segundo o estatuído nos artigos que máis adiante falan de readmisións.

**ARTIGO 35.-** A todos os socios proveráselles o obrigatorio carné que xustifique a súa calidade de membro da Asociación e que lles será retirado se chegasen a causar baixa.

### **II.- Dereitos e deberes dos socios**

**ARTIGO 36.-** Todos os socios numerarios e fundadores, ademais dos previstos na lexislación vixente, terán os seguintes dereitos e obrigas.

A) DEREITOS

- a) Asistir con voz e voto ás Asembleas Xerais ordinarias e extraordinarias.
- b) Aproveitamento dos locais e actos que organice a Asociación, na forma que regule a Xunta Directiva e aprobe a Asemblea Xeral.
- c) Capacidade para ser electo en cargos da Xunta Directiva nas ocasións en que regulamentariamente deba esta ser renovada.
- d) Posibilidade de aproveitamento e intercambio cos Cineclubes que así o teñan expresamente establecido con esta Asociación, sempre que acrediten a súa personalidade ante aquel co carné socios e o recibo cos pagamentos ao día.
- e) Aproveitamento do material da biblioteca/hemeroteca/videoteca e outros servizos posibles.
- f) Exercer o voto delegado, limitado o seu número de votos delegados a 2 por socio e se contabilizarán diferenciados tanto votos dos presentes como delegados.

B) DEBERES

- a) Satisfacer a cota de entrada, se procedese o pagamento dela.
- b) Satisfacer puntualmente a cota de socio que fixe a Asemblea Xeral de acordo co desenvolvemento económico da Asociación.
- c) Colaborar co pagamento de cotas extraordinarias ás programadas con carácter ordinario
- d) Axudar na medida das súas posibilidades á Xunta Directiva no desempeño das súas actividades, colaborando activamente coa mesma cando a índole daquelas reborde a súa normal capacidade de desenvolvemento.
- e) Cumprir estes estatutos e os acordos da Xunta Directiva e Asembleas Xerais.

**ARTIGO 37.-** Dereitos e obrigas dos socios temporais:

A) DEREITOS

- a) Aproveitamento dos locais e actos que organice a Asociación na forma que regule a Xunta Directiva e aprobe a Asemblea Xeral.
- b) Aproveitamento do material da Biblioteca/Hemeroteca/Videoteca e outros servizos posibles

B) DEBERES

- a) Satisfacer as cotas estipuladas pola Asemblea Xeral.
- b) Cumprir estes Estatutos e os acordos da Xunta Directiva e Asembleas Xerais.

**III. Perda da calidade de socio**

**ARTIGO 38.-** A condición de socios perderase por calquera das seguintes circunstancias:

- a) Por petición de baixa do asociado.
- b) Por falta de pagamento das cotas, ordinaria ou extraordinaria, do mes en curso e dos atrasados
- c) Por acordo da Xunta Directiva sempre que se tome por unanimidade dos presentes e que estes constitúan un mínimo de dúas terceiras partes dos integrantes da mesma, nos casos en que o asociado incumpra os seus deberes e obrigas sociais. O acordo deberá ser confirmado pola Xunta Xeral.

## **IV.- Readmisións**

**ARTIGO 39.-** Adquírese novamente a condición de socio nos seguintes casos:

- a) Cando, tendo solicitado baixa por escrito con motivo dunha ausencia de máis dun trimestre, se solicite de novo a alta da sociedade.
- b) Se o asociado satisfai todos os débitos que houber deixado pendentes.
- c) Se a Asociación, ben en Asemblea Xeral ou ben por decisión provisional da Xunta Directiva, acorda admitir de novo ao socio dado de baixa en cumprimento do apartado c) do artigo anterior.

Con respecto ao contido do apartado b) anterior é preciso satisfacer, ademais dos recibos pendentes, a correspondente cota de entrada.

## **Patrimonio**

**ARTIGO 40.-** Constitúen os recursos económicos da Asociación:

- a) As cotas ordinarias e de entrada dos socios.
- b) As cotas extraordinarias que se fixen cando a Asociación organice ciclos ou sesións complementarias ás que estean programadas con carácter ordinario.
- c) As doazóns, subvencións, premios e calquera outro ingreso que o Cineclube puidese percibir.
- d) Posibilidade de traballo voluntario/asalariado/troco.

O patrimonio da asociación será o indicado en cada momento polos seus estados contábeis.

O exercicio económico da asociación será anual e finalizará o día 31 de decembro.

**ARTIGO 41.-** Forman igualmente parte do patrimonio da Asociación: material e mobiliario, biblioteca/hemeroteca, videoteca e arquivo, aparello proxector de 16mm e accesorios e cantos utensilios existen na actualidade ou se adquiran no futuro.

## **Disposicións xerais**

### **I.- Modificación dos estatutos**

**ARTIGO 42.-** Para modificar estes Estatutos será preciso que así o acorde a Asemblea Xeral en reunión extraordinaria convocada aos efectos, e sempre que se adopte o acordo de modificación pola maioría dos dous terzos da totalidade dos socios integrantes da Asociación e representados por voto delegado, salvo que se produza en 2ª convocatoria, en cuxo caso o será con asistencia do 10% dos asociados e representados por voto delegado.

Todo iso coa excepción que puidese producirse por especial disposición legal que obrigue ou puidese obrigar a modificación estatutarias, suxeitándose entón as convocatorias e acordos ao que na mesma se dispoña.

## **II.- Disolución da Asociación**

**ARTIGO 43.-** A Asociación poderá disolverse cando o soliciten as dúas terceiras partes dos seus socios e representados por voto delegado e así o acorde por votación a Asemblea Xeral convocada en sesión extraordinaria aos efectos.

**ARTIGO 44.-** Tamén a Xunta Directiva poderá propor á Asemblea Xeral, mediante convocatoria extraordinaria, a disolución da Asociación, expondo para iso as razóns que provoquen esta proposta excepcional.

Será preceptiva para tomar o acordo a aprobación polas dúas terceiras partes do total dos asociados e representados por voto delegado, debendo recorrerse, de persistir as razóns de disolución, a unha segunda convocatoria na que se tentará obtela e, mesmo, a unha terceira e última, abondando nesta circunstancia, para que o acordo sexa válido, co voto afirmativo do 20% dos asociados e representados por voto delegado.

**ARTIGO 45.-** Acordada a disolución da sociedade, nomearase inmediatamente de entre os seus membros unha Comisión Liquidadora que se encargará de regularizar o activo da mesma, inventariando as instalacións, material, arquivo, biblioteca/hemeroteca/videoteca, e outros bens móbeis e utensilios.

O arquivo, biblioteca/hemeroteca/videoteca depositaranse na Biblioteca Pública Provincial de Pontevedra. A Comisión Liquidadora cobrará os créditos a favor da Asociación e satisfará as débedas e obrigas sociais.

Unha vez feito o inventario, efectuado o depósito, percibidos os créditos e satisfeitos os débitos, o remanente, se houber, destinarase a libros de interese cinematográfico e cultural, podendo tamén facerse doazón ou entrega deles a algunha Asociación similar que reunise merecementos suficientes para iso.

**ARTIGO 46.-** Estes Estatutos, que modifican os aprobados o 29 de abril de 1993, que á súa vez modificaban os de 1979, que a súa vez modificaban os dos anos 1976 e 1965, que á súa vez modificaban o fundacional de 1954, foi aprobado en Xunta Xeral Extraordinaria do 26 de maio de 2004.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA.** Os regulamentos e normas aprobadas ata a data para a aplicación e desenvolvementos dos Estatutos da Asociación continuarán en vigor en tanto que non se proceda, se é o caso, á súa modificación para a súa adecuación ao ordenamento xurídico vixente, se ben se entenderán derogados e se terán por non postos todos os preceptos que puidesen resultar contrarios á vixente Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, ou aos presentes Estatutos.



Dona Marta Martínez López, secretaria da Asociación Cine Club Pontevedra, fai constar que ditos estatutos foron modificados en Asemblea Xeral extraordinaria celebrada o 31 de xullo do 2015. Para cumprir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Pontevedra, a 23 de marzo do 2016.

Secretaria da asociación